

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 18 de xuño de 2015 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2013/14, convocados pola Orde do 27 de febreiro de 2015 (Diario Oficial de Galicia do 12 de marzo).

A Orde do 27 de febreiro de 2015 (DOG do 12 de marzo), pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2013/14, establece as bases e o procedemento para a súa concesión.

Unha vez realizada a valoración das solicitudes presentadas polo xurado de selección designado pola Resolución do 30 de marzo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se procede a designar os membros e facer pública a composición do xurado de selección que analizará e valorará as solicitudes dos aspirantes aos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2013/14 (DOG do 17 de abril), publicados os resultados coas puntuacións obtidas polos candidatos e candidatas, resoltas as reclamacións presentadas, vistas a acta coa proposta definitiva do xurado de selección nomeado pola Resolución do 30 de marzo de 2015 (DOG do 17 de abril) e a correspondente proposta do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a concesión destes premios,

DISPOÑO:

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2013/14 ao alumnado que figura no anexo desta orde.

Segundo. Contra esta orde poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2015

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

CVE-DOG: b6iuprh6-9zu4-5fz7-e4h6-xfvnrlgdpet0





ANEXO

Proposta definitiva de adxudicación dos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2013/14

Sol.	Apelidos e nome	Familia	Cód. C.	Centro de estudos	Importe
4297	Álvarez Seoane, Déborah	Enerxía e auga	27006528	CIFP As Mercedes	850 €
5201	Bruña López, Roberto	Industrias alimentarias	36007552	CIFP A Granxa	850 €
4397	Castro Fernández, Javier	Artes gráficas	15021469	IES Leixa	850 €
4300	Fernández-Jardón Sánchez, Cristina C.	Téxtil, confección e pel	15027897	CIFP Paseo das Pontes	850 €
5196	Garea García, Iria	Química	15027770	IES A Sardiñeira	850 €
6023	Hernández Pérez, María de la Almudena	Marítimo-pesqueira	36020209	IGAFA Inst. Galego de For. en Acuicultura	850 €
4698	Losada Romero, Julio José	Servizos socioculturais e á comunidade	27006516	CIFP Politécnico de Lugo	850 €
5906	Martínez Rodríguez, José Ramón	Instalación e mantemento	27012036	IES Gregorio Fernández	850 €
5798	Méndez González, Saray	Sanidade	15004265	CPR Plurilingüe Liceo La Paz	850 €
5301	Molares Frías, Ana	Hostalaría e turismo	36020064	CIFP Carlos Oroza	850 €
5901	Mouzo Martínez, Isaac	Edificación e obra civil	15024513	CIFP Someso	850 €
4409	Muiña Pérez, Álvaro	Electricidade e electrónica	27006516	CIFP Politécnico de Lugo	850 €
4797	Núñez Chao, María	Informática e comunicacións	27015773	IES Muralla Romana	850 €
4396	Ocampo Pena, Eva	Comercio e márketing	15006778	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	850 €
5640	Patiño Guillán, Francisco	Agraria	36020192	CFEA de Lourizán	850 €
6030	Paz Lema, Javier	Actividades físicas e deportivas	36000922	IES María Soliño	850 €
5299	Pena Regueira, Maite	Administración e xestión	27015773	IES Muralla Romana	850 €
5796	Rodríguez Pérez, José Manuel	Fabricación mecánica	15024513	CIFP Someso	850 €
5101	Solla Codina, Santiago	Transporte e mantemento de vehículos	36014489	CIFP A Xunqueira	850 €
4403	Vaquero González, Sara	Imaxe persoal	36018173	IES de Teis	850 €

